



Concello de Sarria

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO CONCELLO DE SARRIA PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE TURISMO, CON CARÁCTER DE FUNCIONARIO INTERINO, PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL (Art. 10.1. c) do TREBEP), ASÍ COMO A CONFECCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA.

1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

Na Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as 10:00 horas do día 11 de decembro de 2018, constitúese o tribunal cualificador encargado de avaliar as probas selectivas de referencia, todo elo de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria que foron aprobadas por resolución da alcaldía nº 852/2018, de data 13/11/2018.

O tribunal quedou constituído polos seguintes membros:

PRESIDENTE: **D. Sergio Castiñeira López**, técnico de xestión da sección de informática do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria da Deputación Provincial de Lugo.

VOGAIS:

- **Dª Mercedes Lamela López**, xefa do Servizo de Cultura e Turismo da Deputación Provincial de Lugo.
- **D. Juan Carlos Fernández Pulpeiro**, xefe do Servizo de >Protocolo e Relacións Institucionais da Deputación Provincial de Lugo.
- **Dª María del Rosario Fernández González**, responsable coordinadora do Departamento de Etnografía e Artes Decorativas do Museo Provincial da rede Museística da Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: **D. Rodrigo Arias Iglesias**, funcionario do Concello de Sarria, que actuará con voz pero sen voto.

Suplente: **D. Emilio Casal Fernández**, funcionario do Concello de Sarria, que actuará con voz pero sen voto.

ASESOR DO TRIBUNAL:

Actúa como asesora do tribunal **Dª Silvia Fernández Vila**, graduada en turismo e técnica de turismo da Unidade de Promoción do Territorio e Turismo do Servizo de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

2.- CALENDARIO DE EXAMES:

En orde á execución do proceso selectivo, o tribunal acordou realizar a totalidade dos exercicios da fase de oposición o día 17 de decembro de 2018, en horario de mañá e tarde.

O que se fai público en Sarria, no día da data.

O secretario,

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916